

Ruslana Prokopenko, Violoncello

Nada en Odessa (Ucráina), comezou os seus estudos na escola especial de música Stoliarsky coñecida polos seus grandes discípulos como David Oistrakh e Emil Gilels. Na súa época de estudante ofreceu varios concertos como solista, "Concerto Re maior" de Haydn coa Orquestra Sinfónica de Yalta (1988), as "Variacións sobre un Tema Rococó de Chaikovski, e o "Dobre concerto de Brahms coa Orquestra Filarmónica de Odessa (1989). Finalizou os seus estudos en 1995 e o seu doutoramento en 1997. Durante estes anos participou nos festivais Schleswig-Holstein (Alemaña), Mstislav Rostropovich en Evian (Francia) e coa Orquestra de Cámara Solistas de Moscova de Yuri Baschmet de xira por Francia. Traballou na Orquestra de Cámara Século XX e a Orquestra de Moscova, coa que percorreu países como Austria, Alemaña, Italia, Finlandia e Francia. Entre 2000 e 2003 foi violoncelo principal da Orquestra Sinfónica de Euskadi, coa que interpretou o "Concerto para violoncelo de Elgar". Foi profesora en Musikene e participou en varios proxectos de música de cámara. Desde 2003 é violoncelo principal na Orquestra Sinfónica de Galicia. Participou no Festival Mozart da Coruña, Quincena Musical, Donostiarra, Bregenzer Festspiele (Austria) e no Festival Rossini de Pesaro (Italia). Realizou diversos proxectos co Grupo Instrumental Século XX. "Pierrot Lunaire", e "Noite trans-figurada" de Schoenberg, "Black Angels" de Crumb etc. Desde sempre mostrou un gran interese pola música contemporánea. En 2008 estreou Concerto para violoncelo e orquestra" de Wiadimir Rosinskij coa OSG. En 2013 tocou coa OSG "Cantico da Pieta" de Antón García Abril para chelo, voz, órgano, orquestra de corda e coro. Foi profesora da Orquestra Nova da OSG e Orquestra Novo Nacional de España. En febreiro 2017 participa na estrea absoluta (xunto con Uxia Botana-contrabaixo) do Concerto-misterio de Wadimir Rosinskij coa Ou. S.G. dirixida por Dima Slobodeniouk.

Octavio Vázquez

Octavio Vázquez foi aclamado pola prensa como "un facho ardente para o próximo século... abraiante... maxistral" (The New Music Connoisseur), cun estilo caracterizado polo seu "melodismo e vitalidade rítmica" (The New York Times) a súa "asombrosa virtuosidade" (Soundboard Magazine). A súa música interpretouse en escenarios de América, Europa, Asia e Australia, e foi gravada en selos de prestixio como Naxos, Delos e Odradek. Tamén foi difundida por canles nacionais de radio e televisión en Estados Unidos, Canadá, España, Rusia e China.

As súas obras foron dirixidas por mestres como Carlos Kalmar, Rossen Milanov, Paolo Bortolameolli, Dima Slobodeniouk, Paul Daniel e Andreas Delfs, e defendidas por solistas de renome internacional como Hilary Hahn, Dmitri Berlinsky, Johnny Gandelsman e Eldar Nebolsin. A súa versatilidade levouno tamén ao cine e a colaboracións transversais como arranxador, orquestrador e produtor, salientando o seu traballo xunto a Cristina Pato, do Silkroad Ensemble.

Premiado con numerosos galardóns en Estados Unidos e Europa, recibiu bolsas de institucións como a I-Park Foundation, MacDowell e o Virginia Center for the Creative Arts, así como encargos do National Endowment for the Arts, New York State Council on the Arts, New Music USA, Aspen Music Festival, a Orquestra de Radio e Televisión Española, a Real Filharmonía de Galicia e a Orquestra Sinfónica de Galicia, entre outros. Formado no Conservatorio Adolfo Salazar e no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid, así como no Peabody Institute da Johns Hopkins University e na University of Maryland, College Park, Vázquez é actualmente profesor e director do programa de composición na School of Music de Nazareth University, e foi profesor na Eastman School of Music da University of Rochester.

PRENSA SOBRE A OBRA

"Unha viaxe musical transhistórica, concebida por un dos compositores máis destacados e prolíficos de España desta xeración."

— Dr. Ospina-Romero, Aspen Music Festival

"Un quinteto con piano absolutamente cativador... Vázquez interpretou a súa parte con vigor e unha claridade cristalina, contaxiando ao cuarteto cunha enerxía extraordinaria."

— Harvey Steiman, The Aspen Times

"Unha obra profundamente emotiva e inesquecible."

— Susan Brall, The Maryland Theater Guide



Cuarteto Opus X

O que empezou sendo un encontro experimental entre catro compañeiros da Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) para ler cuartetos nas tardes libres, acabou consolidándose nun proxecto máis definido que leva por nome Cuarteto Opus X (anteriormente Cuarteto



Atlántico), e cuxo primeiro concerto foi en abril 2019. Os membros estudaron con importantes profesores en Francfort, Berlín e Boston como Ida Bieler, Walter Forchert, Hubert Buchberger, Wolfgang Boettcher, Ilan Gronich, Louis Krasner, Eugene Lehner ou Walter Trampler.

Carolina María Cygan. *Violín*

Esta madrileña de ascendencia polaca estudou na Haia e Berlín e traballou na Orquestra da Radio de Berlín e na Deutsche Oper Berlin. Desde 2014 é membro dos primeiros violíns da Orquestra Sinfónica de Galicia. No seu tempo libre goza do deporte e do campo xunto coa súa familia.

Jeffrey Carl Johnson, *Viola*

Violista titular da Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) desde 1999. Estudou nos conservatorios de Nova Inglaterra e San Francisco, especializándose tanto en música de cámara como en música sinfónica, recibindo clases de Walter Trampler, Louis Krasner, Eugene Lehner e Mark Sokol. Como músico invitado, ha partidipado nalgunhas das agrupacións máis prestixiosas de América do Norte e Europa, como Boston Symphony Orchestra e San Francisco Opera en EEUU, Orchestra Mozart Bologna en Italia, Aalborg Symphony en Dinamarca, Arctic Philharmonic en Noruega ou a Orquestra BandArt en España. Ademais, Jeffrey tamén puido desenvolverse como intérprete de música de cámara, formando parte dos ensembles Sausalito Quartet e Klee Quartet en EEUU.

Ludwig Dürichen, *Violín*

Axuda de concertino da Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) desde 2005. Estudou na Musikhochschule de Frankfurt con Ida Bieler e Walter Forchert como profesores e na Universität der Künste de Berlín con Ilan Gronich. Realizou prácticas na Ópera Estatal de Baviera con Zubin Metha e recibiu clases maxistras de Thomas Brandis e Rainer Kussmaul. A súa carreira profesional comezou en 2002 como principal de Violíns II na Filarmónica Estatal de Hamburgo, actuando na mesma posición como convidado na Elbphilharmonie Orchester, a Orquestra Estatal de Baviera, a Orquestra da Deutsche Oper de Berlín, a Orquestra Ciudad de Barcelona e o Musikkollegium Winterthur. Ademais, foi convidado a tocar de concertino en orquestras como a de Granada, Málaga, O Porto, Staatstheater Kassel e a orquestra do Teatro Giuseppe Verdi de Salerno. Desde 2011, Ludwig tamén é axuda de concertino da orquestra Lle Concert Olympique (LCO) de Bélxica, fundada polo director e musicólogo Jan Caeyers. Nesta orquestra tamén ocupou varias veces a praza de concertino, como na xira de 2017, con Victoria Mullova como solista, ou a de 2021, con Sabine Meyer, actuando en salas como a Elbphilharmonie de Hamburgo ou a Filarmónica de Berlín. Ademais, na tempada 2017/18, Ludwig colaborou coa Staatskapelle de Dresden na súa programación sinfónica e nunha xira por China baixo a batuta de Alan Gilbert. Ludwig tamén interpretou varias obras como solista coa OSG, como a Sinfonía Concertante de Haydn, dirixida por Russel Davies, ou o Concerto para Violín de Jesús Torres, baixo a batuta de Andrés Salgado. Á parte da súa carreira sinfónica, Ludwig tamén dedica gran parte do seu tempo á música de cámara, xa sexa co Cuarteto Opus X, a dúo co pianista Javier López Jorge, ou co seu novo proxecto, o Festival Redes Musicais, do cal é director artístico.